



FERVENZAS DO SELMO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Quiroga-A Seara: 30 km
A Seara-Ferramulín: 4 km
A pé: 11 km

Dificultade: media

Duración: 8 horas



Unha ruta lineal seguindo o curso do Selmo que nace no Pico Formigueiros e vai morrer ao Sil preto da localidade berciana de Frieira. (tributario do Sil) en Galicia.

Poderemos gozar dalgunhas das fervezas máis destacadas do Courel

Partimos da Seara, á que se accede desde Quiroga, pola Cruz de Outeiro. Desde Ferramulín podemos continuar a Visuña e Seoane do Courel.

Complementábase con camiñadas para achegarse ás fervezas e, cun pequeno desvío achegarnos á lagoa de orixe glaciaria da Lucenza.

1-Pincheira da Seara

O río Selmo atravesa a poboación da Seara e no medio da mesma forma unha ferveza con varios saltos.

COMO CHEGAR

Polo centro da Seara búscase a forma de achegarse ao río nunha zona de muíños.




2-Pincheira do Fócaro

A Seara (concello de Quiroga)

O río Seara, afluente do Selmo fai un salto duns 20 m de altura que forma unha ampla poza na caída. A zona está rodeada de bosque autóctono.

COMO CHEGAR:

No comezo dun roteiro de montaña (a uns 200 m) que parte desde A Seara e chega á lagoa de Lucenza (6 km ida e volta).



Pincheira do Navaregos

3-Pincheiras do rego de Navaregas

Rego que cae ao río Murelos, unha das cabeceiras do Selmo. Ten uns 70 m de altura, en varios saltos.

Na ruta da Seara á lagoa de Lucenza, vese a 1,5 km, no punto onde se cruza o río.

4-Río Murelos

Cae do Alto de Murelos e forma a ferverza duns 20 m de altura, en varios saltos.

Na ruta da Seara á lagoa de Lucenza, aos 2 km, vese ao lonxe e pódese achegar a ela por un carreiro. Hai outras máis abaixo, preto da de Navaregas.



Pincheira de Fócaro



Pincheira do Murelos



5/6-Pincheiras de Vieiros Pozo da Ferverza

Vieiros (A Seara-Quiroga)

O Selmo en Vieiros salva un desnivel de 25 m de altura nun saínte de cuarcitas.

COMO CHEGAR:

Na estrada da Seara a Ferramulín, ao pasar Vieiros, hai un carreiro (indicado) que vai á ferverza. 300 ou 400 m río abaixo hai dúas pincheiras máis de 3 a 6 m de altura.



7-Ferramulín

En Ferramulín (Hórreos-Folgosos do Courel). O río Buzgalegos, afluente do Selmo que baixa a carón do Penouco, forma unha ferverza oculta entre a vexetación.

COMO CHEGAR: éntrase en Ferramulín e séguese un camiño que cruza o souto río arriba. Xusto onde remata o souto un carreiro á dereita leva ata a ferverza (2,5 km ida e volta)

8-Muíño da Cavorca

Na parroquia de Hórreos (concello de Folgoso do Courel). Pequenas ferverzas entre lousas no río Visuña, afluente do Selmo nunha zona cun muíño.

COMO CHEGAR: desde Ferramulín séguese un camiño río arriba durante uns 500 m ata chegar a unha antiga ferrería e un muíño.



9-Cavorco da Ferverza Grande

Parroquia de Hórreos (concello de Folgoso do Courel)

Vese desde a estrada que vai a Visuña.



Pincheira de Ferramulín



Muíño da Cavorca



Cavorca da Ferverza Grande